

O Consello de Goberno da USC, na súa reunión do 14 de marzo de 2008, aprobou a *Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para Titulacións adaptadas ao Espazo Superior*. No artigo 4 desta Normativa, denominado Sistema de Recoñecemento, indicase que os centros poderán establecer táboas de equivalencia entre estudos cursados noutras universidades e os estudos da USC, así como entre titulacións da anterior ordenación universitaria e as da actual ordenación; estas táboas aprobaranse por Resolución reitoral e faranse públicas para coñecemento xeral.

Así mesmo, o Consello de Goberno, na súa sesión do 21 de febreiro de 2014, aprobou o *Protocolo de recoñecementos*, no cal encárgase ao Servizo de Xestión da Oferta e Planificación Académica a revisión e preparación das táboas de recoñecemento para a súa difusión entre os interesados.

En virtude do anterior, unha vez recibida desde a Facultade de Ciencias da Educación e a Facultade de Formación do Profesorado a proposta de recoñecemento entre as materias de Practicum das diferentes edicións dos graos en Mestre en Educación Primaria e Mestre en Educación Infantil, esta reitoría

RESOLVE,

Publicar os cadros de recoñecemento das materias de Practicum entre os plans de estudos seguintes:

- Grao en Mestre en Educación Infantil (1ª edición) e Grao en Mestre en Educación Infantil (2ª edición); para os plans implantados tanto na F. de Ciencias da Educación como na F. de Formación de Profesorado.
- Grao en Mestre en Educación Primaria (1ª edición) e Grao en Mestre en Educación Primaria (2ª edición); para os plans implantados tanto na F. de Ciencias da Educación como na F. de Formación de Profesorado.

Esta resolución terá efectos desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

O reitor



Antonio López Díaz

Sra. Vicerreitora de Titulacións, Sra. Secretaria Xeral, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sra. Decana da Facultade de Ciencias da Educación, Sra. Decana da Facultade de Formación do Profesorado, Sra. Responsable da Unidade de Apoio á Xestión da F. de Ciencias da Educación, Sra. Responsable da Unidade de Apoio á Xestión da F. de Formación do Profesorado, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Norte, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo

ANEXO

Para os Practicum da 1ª edición dos graos con respecto aos Practicum da 2ª edición dos graos (da mesma titulación), a validación será a seguinte:

- O Practicum I da 1ª edición do grao non se recoñecerá por ningún Prácticum da nova edición.
- O Practicum I e o Practicum II da 1ª edición do grao recoñeceranse polo Practicum I da nova edición do grao correspondente.
- O Practicum I, Practicum II e Practicum III da 1ª edición do grao recoñeceranse polo Practicum I e o Practicum II da nova edición do grao correspondente.